

**Bloque temático**  
**RESILIENCIA DOS SISTEMAS SOCIOECOLÓGICOS**

## PRESENTACIÓN

Nos últimos anos, a evidencia empírica dos estudos científicos puxo de relevo que as actividades humanas poderían potencialmente levar o sistema terrestre fóra dos límites estables e seguros, con consecuencias imprevisibles e catastróficas, o que deu lugar a unha nova época xeolóxica denominada *Antropoceno*. Esta nova situación require a creación de novas perspectivas baseadas na transformación do desenvolvemento humano nun paradigma en consonancia co mantemento da biosfera.

Neste sentido, este bloque temático aborda o chamamento do recente documento *Memorando de Estocolmo*, que estimula a articulación de accións tendentes a reducir a presión humana sobre os sistemas socioecolóxicos, a reducir ou a mitigar o impacto do cambio climático e a fortalecer os sistemas de gobernanza, entre outros.

Na primeira contribución deste bloque temático, titulada “Responsabilidade social corporativa e resiliencia”, os profesores Juan Piñeiro Chousa e Noelia Romero Castro abordan a conexión que existe entre a responsabilidade social corporativa e a resiliencia, cubrindo un baleiro de calado na literatura. Os autores examinan as características dos factores da contorna económica, explorando de forma detallada o xurdimento do concepto de resiliencia no mundo empresarial, formulando a xeración dun novo tipo de empresa orientada á creación de valor sostible, o que supón a creación simultánea de valor económico e social para todos os grupos de interese.

No artigo “Os desafíos para a sostibilidade empresarial no século XXI”, a profesora Anna Gil Lafuente e o investigador Luciano Barcellos Paula efectúan unha exhaustiva análise do presente e do futuro da sostibilidade empresarial desde a perspectiva das ferramentas de certificación e xestión vixentes. Ante a proliferación de instrumentos deste tipo, os autores conclúen que o futuro da sostibilidade das empresas reside na inclusión de mecanismos adaptativos e flexibles a través da creación de incentivos por parte dos gobernos.

Na súa contribución “Relacións entre a economía, a co-adaptabilidade e a resiliencia dos ecosistemas mariños”, o profesor Sebastián Villasante reflexiona sobre as implicacións do cambio global que están manifestando os sistemas mariños socioecolóxicos. O autor pon de manifesto que os gobernos e os xestores deben adoptar políticas innovadoras dotadas dunha maior participación e representatividade dos actores involucrados, con vistas a asegurar o mantemento dos servizos ambientais que provén innumerables bens e servizos indispensables para a continuidade da vida na Terra.

Pola súa parte, o traballo titulado “A resposta neoinstitucional aos problemas da pesca: estado da arte sobre as Cotas Transferibles Individuais”, do investigador Víctor Hugo Martínez, do profesor Gonzalo Rodríguez Rodríguez e do investigador Ihering Guedes Alcoforado, realiza por primeira vez unha interesante análise desde a perspectiva institucional sobre a necesidade de recuperar as pesqueiras a

partir de novas fórmulas de xestión pesqueira. En particular, os autores sinalan que os mecanismos de regulación pesqueira deben poñer a énfase na dimensión humana dentro do complexo e fráxil equilibrio de factores biolóxicos, ambientais, económicos e sociais.

Finalmente, no artigo “A cooperación das empresas galegas como mecanismo de supervivencia. O caso CENOR”, os profesores Nuria Calvo Babío e Raúl Davila Aparicio poñen de relevo que, nunha contorna de incerteza económica, o desenvolvemento de comportamentos cooperativos por parte das pequenas empresas galegas representa un factor clave na construción de alianzas innovadoras que permiten non só a mellora da competitividade, senón tamén unha maior profesionalización na xestión empresarial.

## **BIBLIOGRAFÍA**

ROCKSTRÖM, J.; STEFFEN, W.; NOONE K.; PERSSON, Å.; CHAPIN, F.S.; LAMBIN, E.F.; LENTON, T.M.; SCHEFFER, M.; FOLKE, C.; SCHELLNHUBER, H.J.; NYKVIST, B.; DE WIT, C.A.; HUGHES, T.; VAN DER LEEUW, S.; RODHE, H.; SÖRLIN, S.; SNYDER, P.K.; COSTANZA, R.; SVEDIN, U.; FALKENMARK, M.; KARLBERG, L.; CORELL, R.W.; FABRY, V.J.; HANSEN, J.; WALKER, B.; LIVERMAN, D.; RICHARDSON, K.; CRUTZEN, P.; FOLEY, J.A. (2009): “A Safe Operating Space for Humanity”, *Nature*, 461, pp. 472-75.

STOCKHOLM MEMORANDUM (2011): “The Stockholm Memorandum - Tipping the Scales towards Sustainability”, *3rd Nobel Laureate Symposium on Global Sustainability*. Stockholm.

SEBASTIÁN VILLASANTE LARRAMENDI / MARÍA DO CARME GARCÍA NEGRO  
Universidade de Santiago de Compostela